

ALFOZ

Preguntamos. Preguntamos polas peixeiras e véñennos á memoria e ao maxín, burros cargados de cestos. Cada un, dous cestos. O chicharro grande viña á parte. Chegaban as peixeiras, desde a boca do río. Andando. Ás veces, deixaban os burros nunha casa e ían camiñando a outras, e levaban o peixe no brazo, nun carabelo, se non era moito. Dúas ou tres veces á semana. Collían peixe todas as casas, colleran máis, colleran menos. Sardiñas, chicharro grande. Lañábase e facíase empanada. Na taberna, acordamos un tambor de arenques, mais sabían mellor as sardiñas que traían. Había que poñelas a desalar e asalas nas brasas da lareira. Untábanche o pan. Preguntamos. Preguntamos quen collía o peixe. Éramos cativas e non sabíamos comprar. E non tíñamos zorrón. Cando íamos á taberna levabábase unha listaxe e quedaba anotado

na libreta e íase pagar a fin de mes. Pero a sardiñas non. Compráballas mamá á peixeira. Unha mamá grande, que habita na memoria de todos. Unha mamá grande, que gardaba a porta aberta da casa. Unha casa de portas abertas. Non todas tiñan para moita sardiña. Moitas, non tiñan casa. Preguntamos. Preguntamos e érguese na memoria (ou no maxín), aquela mamá grande. Que amais de criar ás súas fillas e fillos, criaba ás nenas e nenos de quen non tiña máis teito ca o das estrelas e o da solidariedade irmá. Nos tempos da fame, había moitos pobres. Viñan, comían un prato de caldo, e pasaban a noite ao abrigo. Ata pola mañá, que se ían. Dous ou tres pobres cada día. Xa os mandaban para alí. Moitos non eran coñecidos. Algúns si, porque volvían. Non todas tiñan para sardiñas, aínda que houbera sardiñas para todas.

Recollo palabras que non son miñas e son de todas. Que veñen do ben querer das que sempre responden as nosas preguntas. Das que sempre dan. Das mulleres bailadoras. Das mulleres que criaron fillas libres. Das mulleres que viven nas fillas libres que criaron. Das mulleres que soportan, cun sorriso e un par de caiados, o peso e o saber da vida toda.

Dunha conversa de outono, nalgún lugar de Alfoz



A Mariña
Lucense



Comunidade
RMPL



Concello
de Alfoz



DORA ZALLÓN MASEDA

Texto: Alba Díaz Geda / Fotografía: Germán Llmeres

BARREIROS

O AMOR DOS SEUS OLLOS

Con ela vai o soñado e o aprendido.

Un dobre fondo de nubes pasaxeiras.

Estantes baleiros de recordos.

Os fragmentos do pasado, as cicatrices, o deserto.

Con ela vai a néboa, a penumbra e a tristeza.

Con ela, a lembranza dun caderno en espiral, a cadencia do calendario, o vaivén das ondas no mar.

Con ela o desorden e o caos, as gargalladas disonantes que rachan o silencio, o son das gotas incesantes que se precipitan na miña fiestra.

O Arco da Vella. A música que se dispara e fai que os seus pés se movan sen parar.

Con ela un invencible verán.

Un cheiro que me leva de volta á infancia.

O vento que fala coas raíces, os outonos no xardín.

O amor nos seus ollos.

Con ela van instantes resgados, caricias que enraízan e se expanden coma o vento cruzado que aviva o lume. Cálidos atardeceres con centos de anduriñas que talvez voan presaxiando a soidade.

Con ela perderse no mapa da súa pel. Con ela nos silencios, nas postais agochadas nunha caixa de ola Cao.

Con ela cartas de despedida, noites estreladas e o frío inhóspito habitado por unha nena de carapucha vermella.



A Mariña
Lucense



Comunidade
RMPL



Concello de
Barreiros



ZARSILLA VEIGA VEGA

Texto: Lu Vila / Fotografía: Xosé Reigosa

BURELA

A MULLER DE MARIÑEIRO posúe un mando absoluto e conta co asentimento paciente do marido, que tan só goberna e decide inapelablemente sobre os mares.

A MULLER DE MARIÑEIRO raramente desenvolveu o rol de muller mariñeira, no sentido de dedicarse á pesca no mar; pero si foron moitas (e aínda seguen a ser) as mulleres que do mar obtiñan os seus ingresos, que contribuían a reforzar os que achegaban seus pais, maridos ou irmáns.

Pero hai outro vínculo que une a **MULLER DE MARIÑEIRO** co mar, un vencello en que ambos se amarran co lazo tráxico da angustia pola falta de novas dos barcos en días de temporal ou cando o mar acolle para sempre no seu ventre un ser querido.

A MULLER DE MARIÑEIRO ten engurras na fronte e os ollos entornados de tanto mirar para o mar.

A MULLER DE MARIÑEIRO adoitaba vender o quiñón; e tamén podía ser pescantina e facer gala dun rexo carácter e desgarrada linguaxe.

A MULLER DE MARIÑEIRO ía á conserva, traballaba moito e rápido e ademais, cantaba moi ben.

A MULLER DE MARIÑEIRO podía ser tamén mariscadora: as “labregas do mar” como adoitan ser coñecidas; e alén disto, era quen de atopar traballo no labor paciente e delicado de ir reparando baixo o sol de verán ou exposta ao frío vento do nordés en inverno, as redes rotas polo peso da pesca, por engancharse nelas calquera obxecto ou porque unha tolina as desgarrou ao pretender capturar a carnada que ficaba no copo.



A Mariña
Lucense



Comunidade
RMPL



Concello de
Burela



MARÍA JESÚS ALONSO LÓPEZ

Texto: Herminia Pernas Oroza / Fotografía: Germán Limeres

CERVO

Mar que palabra tan sinxela, corta e á vez tan fermosa. O mar sempre formou parte de min, aínda antes de nacer. Cando vés dunha familia de mariñeiros de San Cibrao ensínanche a amar e respetar o mar. Pero ás veces necesitamos un recordatorio ou nova aprendizaxe do que é.

O Museo do Mar foi escola para moita xente onde aprenderon os oficios do mar, despois foi escola dos homes e mulleres de San Cibrao e por último, tempo despois, de nenos e nenas que acudían a visitalo cando xa era museo.

O meu primeiro contacto co Museo do Mar de San Cibrao foi cando tiña 9 anos e empecei a facer as actividades nel e a formar parte do Club Pequeamigos da Rede. Nas actividades do museo aprendíamos xogando sobre todo o relacionado co mar e sobre o que son os museos.

Aprendimos sobre a mitoloxía antiga representando a historia de Poseidón, fumos pescar cangrexos, coñecemos as diferentes artes de pesca, como se pescaba no pasado e como se pesca hoxe, aprendimos a facer chicharro lañado, e un sen fin máis de actividades e xogos.

O museo non é solo pezas tamén é a xente que vai a el e deixa a súa pegada. Veu xente doutros sitios e de diferentes profesións que deixaban en nós un pouco da súa historia e do seu coñecemento en forma de actividade, peza ou exposición. Aprendín moito da historia de San Cibrao e do museo gracias ós maiores do Club Senior do Museo do Mar.

Que riqueza persoal tan grande me deixaron aquelas xuntanzas no museo onde contaban anécdotas, contos e experiencias sobre a vida do pobo 50 anos atrás. Son eles e elas a alma do museo e do meu pobo.

Nos 16 anos que levo vinculada ó museo fun testigo de como se forxaron relacións moi fortes, entre os nenos e nenas que nos xuntábase para facer as actividades e que esperábase que chegara o verán para vernos, e cos traballadores e traballadoras do Museo que sempre nos fixeron sentir benvidos e benvidas.

Falar de San Cibrao e do Museo do Mar para min é falar de familia, de volver ó meu lar, onde me sinto libre e querida. É o lugar onde conecto coas miñas raíces e onde me ensinaron a fincar os pés no chan para facer as cousas ben.

Non hai nada mellor có olor a sal, a sensación da area quente baixo os pés mesturándose co frío das ondas rompendo na ribeira mentres desfrutas do tempo coa túa xente.



A Mariña
Lucense



Comunidade
RMPL



Concello
de Cervo



AURORA GARCÍA FRAGA

Texto: Sara Campo López / Fotografía: Germán Limeres

FOZ

SARDIÑA VIVA !!

Saír a flote sempre foi misión.

Pescantinas, mariñeiras, percebeiras, redeiras, mariscadoras, patroas, biólogas... Un mar de mulleres sustentan o noso universo. O particular e o colectivo.

Somos pedaciños delas, desa matria esencial na vida. ELAS.

A Xica, A Zamorana, As Corriolas, Xefa, Cándida, A Pelola, Arsilia, A Culusa... pescantinas da miña vila que foi mariñeira.

Pecho os ollos e volvo ao Foz da infancia. Á rula das seis, ulindo a peixe fresco e acollendo a visita dos turistas no verán. Tirando dun carro de man, coa súa romana e con media ducia de netos en busca de quen compre. Berraban polas rúas: "Sardiña viva!!!". Lembranzas do vrao focego, dos baños, da marea baza, das zarandas e dos cangrexos...

Dicía Xosé de Socorro, que durante medio século foi ruleiro, que o seu traballo era "como o do árbitro que ten que arbitrar ao día vinte partidos nos que todos queren gañar, mariñeiros, pescantinas e demais".

E tamén afirmaba que houbo un tempo no que había tres clases de vendedoras de peixe: as que ían na liña, as da burra e as que levaban a bacía na cabeza.

"Non podían comer de fonda as vendedoras da bacía pois por moito que gañaran era pouca a mercancía.

A gañancia que traían cando viñan de vender era un pouco de touciño e patacas para comer..."

Faustina, a mariscadora que foi unha das primeiras patroas maiores da pesca galega, fotografouse prantando rosas brancas na area do Vicedo.

E se nacera de novo, Celia di que volvería ser percebeira. A ex patroa maior de Ribadeo foi durante anos outra das voces das mulleres: "Para min a vida é o mar".

Ou a focense Lupe, que no 2006 mandaba a Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao.

E mentres o mundo se empeñaba en facelas pouco visibles, ELAS eran quen lle seguían dando vida ao mundo.

No 1876 celebrouse a primeira subasta pública na casa da burelense Esperanza, e a piques de despedir o 2016, Galicia coñecía a Mercedes, a súa directora xeral de Pesca. Tres anos despois, Manuela, a mariscadora en activo en Viveiro, sentenciaba: "A ría é coma a terra: se a cavas e sementas, produce".

Boto a ollada atrás e sinto a rula das seis.

Sen ELAS non habería NÓS. Non seríamos a forza constante da Mariña.



A Mariña
Lucense



Comunidade
RMPL



Concello
de Foz



INÉS FRAGA NARAY, "SIZA"

Texto: María Cuadrado Fernández / Fotografía: Ignacio Castro, "Nachok"

LOURENZÁ

MULLERES RURAIS DO VAL DE LOURENZÁ

Ollando para o pasado
vexo as mulleres do Val,
Érguense ben cedo
para o campo traballar.

Arreglan ós fillxs
para á escola mandar.
Despois toman un café
para empezar a faenar.

Marchan ás cortes,
as vacas muxirán.
O leite sae fresco,
queixo con el farán.

Daranlle ás galiñas, pitos,
cochos, gatos e cans.
A tódolos animais
que viven tamén no lar.

Collen o cabalo,
a herba van buscar.
Que chova, neve ou quente,
a herba para a casa virá.

Se chove, un saco ó corno,
se quenta, un sombreiro vai.
Darlle forza á gadaña,
para o carro cargar.

Veñen contentas pensando
que comida farán.
Por riba de ir ó campo,
aínda teñen que cociñar.

Tocan as campás,
hora do xantar.
Descansan un pouco
e volven empezar.

Lavar a roupa na fonte,
no forno cocer o pan,
ir ó monte por leña,
na cociña queimar.

Chegan xs nenxs da escola.
Mestras, perruqueiras,
enfermeiras, costureiras...
Fan de todo canto hai!

É a rutina diaria,
sempre o mesmo tralará.
Ademais de todo isto,
tamén hai que sementar.

En outono botar trigo,
segalo no verán.
Aí veñen as mallas.
Vaia festas que fan!

O lombo está canso,
mais tamén hai que disfrutar!
Un bo grolo de viño
ó cocido acompañará.

Mulleres símbolos,
que non se poden olvidar.
Forza, traballo, firmeza,
exemplo, amigas, NAIS.



A Mariña
Lucense



Comunidade
RMPL



Concello de
Lourenzà



ALICIA REIGOSA LORIGADOS

Texto: Teresa Díaz Iglesias / Fotografía: Ignacio Castro, “Nachok”

MONDOÑEDO

A historia de Mondoñedo escríbese en feminino en liñas dereitas ilustrada coa imaxe dunha catedral centenaria de fortes cimentos que marca o tempo ao son da Paula, campá con nome propio como cada una das mulleres que pisaron a súa terra.

As pedras deste municipio gardan as pegadas daquelas que teceron a nosa “intrahistoria” desde as bágoas que Sabela de Castro, muller do mariscal Pardo de Cela, verteu na Ponte do Pasatempo despois de atravesar Castela para implorar o perdón polo seu home, pasando pola rebelde que viviu como eremita na igrexa dos Remedios, ata a fotógrafa Antonia Santos que retratou toda unha xeración con ollos de muller. Hai moreas de mulleres que pisaron forte marcando o camiño para as que vimos detrás. Ademais das que están asentadas nos libros de historia, teceron fíos de sororidade as avoas que fixeron o caldo nas lareiras da casa cos grelos e as fabas da súa

horta, as que coñecían cada herba das cunetas e sabían como aliviar con elas as doenzas dos veciños, as que serviron en casas de señores aquí e acolá criando os fillos doutros como propios cantaruxando con dozura as estrofas que levaban da casa, as que “emprenderon” no seu tempo montando pequenos negocios co “permiso” dos homes, aquelas outras que gardaron a receita da empanada da verza ou as que subiron ao monte para baixar as bestas ata o Campo dos Remedios o día das San Lucas; as que termaron soas das casas mentres os homes emigraban a Alemaña, a Suíza ou ás Américas; as cuidadoras que criaron e atenderon a varias xeracións que pasaron polo Hospital de San Pablo...

Pasiño a pasiño foron abrindo portas para as que no presente seguen termando dun concello orgulloso que presume de científicas asentadas e dunha nova vaga de biólogas como as mozas que empezaron o Proxecto

Rebinxe do San Rosendo e que levaron o nome de Mondoñedo ata Abu Dabi para explicar o seu esforzo por conservar o que é noso; un concello que ten no seu rueiro o nome de escritoras que manteñen a tradición das letras na cidade mindoniense. Un municipio, ateigado de artistas e artesás que terman da arte en barrios e parroquias recuperados do abandono. Un lugar no Val do Brea que sabe a pasado histórico pero tamén aos novos sabores chegados de outras terras que pouco a pouco se van asentando e ampliando os horizontes da nosa mirada máis aló das néboas do Fiouco.

Mondoñedo é gastronomía, é poesía, é cultura, é música, é tradición, é biblioteca e libros, é Alicia no país das Marabillas de todas as mulleres que están por nacer.



A Mariña
Lucense



Comunidade
RMPL



Concello de
Mondoñedo



ALICIA ZELLA-VILLAMARÍN

Texto: Mar Corbelle Valiño / Fotografía: Alicia Puchades

OUIROL

Non hai nada que mellor defina o noso pobo de Ouroi que o seu carácter emigrante. O eco da emigración aínda persiste hoxe nas casas de estilo colonial, nas numerosas escolas financiadas polos emigrantes que están presentes en cada unha das parroquias do concello e nos recordos de moitos veciños e veciñas que tiveron que saír fóra en busca dun futuro mellor.

Nestas escasas liñas, nas que teño a oportunidade de render unha pequena homenaxe a esas mulleres que nos abriron camiño, quero centrarme nunha figura moi esquecida e pouco recoñecida: a muller emigrante. En xeral, a súa presenza como protagonista do proceso migratorio é unha anécdota; sen embargo, o coñecemento da súa historia debe ser concibido como unha forma de experiencia educativa que nos permit entender mellor o que somos e que nos guíe na construción dun futuro máis igualitario.

No meu traballo tiven a oportunidade de estudar o tema da emigración e falar con moitas mulleres que tiveron que marchar lonxe, a maioría das veces soas, deixando aquí a súa casa, familia e incluso fillos. Nestas conversas descubrín mulleres valentes, fortes e abertas a novas culturas que traballaron sen descanso, pero que tamén o pasaron mal e tiveron que demostrar dobremente a súa valía pola condición de emigrante e de muller. Non esquezo as palabras de Bárbara, Aurora e de moitas outras que me contaron a súa difícil viaxe a Cuba ou Venezuela, a tristeza que as embargou or deixar a súa terra e a soidade que sentiron:

“Emigrei con 25 anos; miña irmá e máis eu embarcamos no barco Sonriente no porto de Vigo. A ela esperábaa o seu marido, o meu quedaba aquí. Cando cheguei a Vigo xa me arrepentira da decisión que tomara. A travesía durou 14 días, chegamos de madrugada e o que máis nos

chamou a atención foron a enorme cantidade de luces, algo ó que non estábamos acostumados, eran as casas dos cerros. Máis tarde viaxou o meu home; ó principio quedabamos nunha pensión, eu comecei a traballar nunha casa para coser, logo nunha tenda e máis adiante nun taller de costura. Máis tarde establecín o meu propio taller, tiven os meus fillos, trasladámonos a Barinas e creei o meu propio centro de costura onde ensinaba a coser e tiña profesoras traballando. A experiencia foi positiva”. O retorno produce sentimentos contraditorios entre o desexo de quedar e o de regresar. “Regresei no ano 92, cando regresas eres unha “moxua”, nin de aquí nin de alí”. (Bárbara Gil. “Anacos da nosa historia”). Palabras que representan o sentir destas mulleres que nos abriron camiño, que demostraron a súa valentía e a súa forza e que as súas herdeiras debemos manter vivas para que traspasen o tempo e cheguen ás novas xeracións.



A Mariña
Lucense



Comunidade
RMPL



Concello
de Ouroi



BÁRBARA GIL GARCÍA

Texto: Verónica Prieto Prieto / Fotografía: Germán Llmeres

A PONZENOVA

AS MIÑAS

As fillas da terra
aran a vida
desbordadas de leite,
esconden as bágoas
nas liñas das mans
un intre antes de pechar os puños

Elas

de costas anchas
e ósos translúcidos

Elas

que herdaron feitizos
de esconxurar medos.



A Mariña
Lucense



Comunidade
RMPL



Concello da
Pontenova



MARÍA JUANA GONZÁLEZ
DÍAZ, "JUANIZA"

Texto: María José Fernández / Fotografía: Germán Llmeres

RIBADEO

MULLERES BRAVAS/ LOBAS DE MAR

Na nosa fermosa Galiza, temos a grande sorte de contar co noso ben máis prezado, as nosas mulleres, Mulleres Bravas, femias que ergueron o mundo enteiro sobre as súas cabezas, coma cando ían coas cestas cheas de roupa lavar ao río, aos lavadoiros, eses centros neuráxicos de complicidade, aprendizaxe, transmisión oral da cátedra da vida, e sobre os seus ombreiros o peso de sacar adiante lugares, aldeas, pobos enteiros, vilas,...

Son séculos e séculos de historias, contos, andrómenas e anécdotas, son anos e anos de loita enfurecida contra os avatares da vida, as circunstancias propias e alleas, o afrontar a historia que lles tocou vivir naquel intre con valentía, resignación...

Galiza está en débeda con todas esas Mulleres Bravas que emigraron a outros lugares, a servir, a aleitar... Aquelas que tiveron que marchar escorrentadas polas formas de pensar e viviron no exilio por e para a súa Terra; aquelas que despedían homes, fillos, irmáns, dende os peiraos nos que se embarcaban na procura das Américas, dun futuro mellor; aquelas que sacaban de onde non tiñan para manter á familia racionando o que daban nas cartillas e andando ao “estraperlo” para poder pasar a fame que deixou a guerra; aquelas mulleres garridas que traballaron tanto na terra coma cosendo para fóra, coidando a

maiores e nenos, levando a casa e, por desgracia, moitas e as máis delas sufrindo o sistema Patriarcal.

Aquí, neste noso Ribadeo, de entre todas estas Mulleres Bravas tamén hai as que son Bravas pero teñen o plus de ser Lobas de Mar. Falo das Mulleres de Rinlo. Esas que, como lle canta Pedro F. Del Río a súa nai, María del Carmen:

...

Percebeira, mariscadora

Toda a vida loitando coas olas

Percebeira, mariscadora

Toda a vida soñando co mar...

E así, armadas co gancho e a bisponda loitan coma auténticas Lobas de Mar ás que o Rei Neptuno lles ten envexa. Hoxe visten o traxe de neopreno mais, cando os tempos eran outros, ían co posto.

Loitan contra vento e marea, escapan das olas, arriscan as súas vidas para levar o sustento aos seus fogares, son fillas, irmás, nais e donas moitas delas de mariñeiros que pasaban meses fóra dos

seus fogares. Mulleres Bravas, rinlegas, que se buscaban a vida como podían, femias todoterreo.

No tempo que fomos compartindo nestes anos de coñecemento mutuo, contan verdadeiras historias que desafían as leis da física, de como se libraron de mortes seguras, como o mar as deixou en coiros despois de xogar con elas como lle veu en gana, como se acompañaban unhas ás outras e se rescataban das fouces da auga salgada, esa auga que rega as nosas costas, esa auga que é capaz de dar tanto froito e arrebatat tantas vidas.

Mulleres Bravas, Lobas de Mar, grazas, grazas polo voso esforzo, tesón, por arriscar as vosas vidas, grazas polo que nos ensinastes ao longo da historia e no día a día. O meu máis eterno agradecemento pola vosa loita, por esas bágoas derramadas, por eses sorrisos tenros, por esas esperas longas.

Quero facer un brindado co chapurro de Rinlo co que iades á ouca, ese quenta peitos que tan ben prepara Rosita da Breixa. Por todas vosoutras, Mulleres Bravas, Lobas de Mar, Rinlegas!!



A Mariña
Lucense



Comunidade
RMPL



Concello de
Ribadeo



MARÍA DEL CARMEN DEL RÍO MARTÍNEZ

Texto: Susana Álvarez, “Susi” / Fotografía: Germán LImeres

RIOZORZO

Carmen, Virginia, María, Pilar e... todas e cada unha das mulleres de Riotorto escriben a historia do noso pobo con nome propio.

As modistas fixeron das nosas leiras, camiños, festas e verbenas, unha pasarela de moda de cada tempada durante un bo puñado de décadas.

As cociñeiras adquiriron o título de restauración e xestión empresarial ao lado dunha cociña de leña na que mantiñan o caldo ao quente durante a xornada, para ofrecer a toda a familia un bo xantar.

As labregas foron quen de conciliar a vida laboral e familiar con escolas infantís creadas no propio fogar, con actividades extraescolares dentro do ámbito familiar e cun exceso de xornada laboral.

É moi importante que coñezamos os obstáculos que afrontaron ao longo da vida, é esencial que saibamos como os superaron porque as súas historias demostran o poder transformador das mulleres, converténdose en fonte inspiradora de todas nós..

A muller de Riotorto tivo, ten e terá un papel insubstituíble no traballo produtivo e por suposto, na transmisión cultural e afectiva do noso pobo.

A historia sempre se conta en masculino, silenciando a dimensión feminina sen facer visible a aportación da muller. No ámbito rural, esta tendencia ten maior forza, provocando un descoñecemento do labor que desenvolven as mulleres e o papel que compren en tódolos ámbitos.

Agora e tempo de escribir a historia que todas e cada unha das mulleres vai creando coa súa presenza na vida cotiá dun pobo. Temos que ser capaces de transmitila para que as vindeiras xeracións coñezan a historia dos pobos cos nomes propios das mulleres que a construíron. Elas achaiaron o camiño, nós e as futuras xeracións temos o deber de seguir construíndo o futuro da humanidade.

As mulleres de Riotorto teñen nome propio e constrúen a historia do noso pobo. Seremos quen de escribila e transmitila?



A Mariña
Lucense



Comunidade
RMPL



Concello de
Riotorto



HORZENSIA GARCÍA FREIJO

Texto: Mari Luz Iglesias López / Fotografía: Germán Llmeres

TRABADA

TRABADA TEN NOME DE MULLER

Non sei se son mariña, marosa ou maruxaina, o que si sei é que son unha muller máis de Trabada, orgullosa da súa procedencia, filla de labrega e bordadora. Neta por unha banda de labrega e tamén medio ferreira, pois cando era preciso alí estaba, xunto co seu home na forxa a darlle aos ferros. Neta pola outra banda dunha costureira, unha muller cun oficio en tempos difíciles, quedando viúva moi nova e que loitou por sacar adiante a súa filla, cosendo de casa en casa. Bisneta de emigrante, que como outras moitas trabadenses tiveron que marchar da súa terra na procura dunha vida mellor, que con gran dor deixou ao seu fillo de tan só cinco meses de vida nas mans dos avós e ao cal nunca máis volvería a ver. E como non, bisneta doutras tres labregas, que é a dedicación que tiveron a gran maioría das mulleres de

Trabada: a terra, na que labraron, colleitaron; a terra que lles axudou a criar aos animais dos que sacaron os cartos para ter que comer; a terra que lles viu nacer e morrer.

E houbo algo máis que mulleres labregas, houbo mestras coma “doña” Argimira, políticas como Carmiña, panadeiras coma Olga e Blanca, taberneiras coma Sensa ou “doña” Inés, tendeiros coma Pepita ou “doña” Carmen, entre outras moitas que se poderían nomear... Mulleres que se atreveron con todo nunha sociedade patriarcal e que, se cadra, hoxe en día, chegarían moito máis lonxe do que chegaron daquela, que acadaron “o todo” que estaba permitido para elas naquela época.

Tamén houbo mulleres maltratadas, como Adelina, que chegaron a morrer sen que se lles fixese a debida xustiza.

Pero se hai algo que uniu ás mulleres de Trabada, fose cal fose o seu oficio, foi a súa dedicación á familia, que foron nais, fillas, noras, esposas, cociñeiras, limpadoras, enfermeiras, administradoras...

O legado que recollemos das mariñas, marosas e maruxainas trabadenses é inmenso, mulleres que loitaron polo seu, polas súas vidas, que o deron todo por elas e polos demais... Mulleres amantes da súa terra.

Leguemos esa paixón polo noso e amemos a mar de Trabada.



A Mariña
Lucense



Comunidade
RMPL



Concello de
Trabada



CARMEN MURIAS BERMÚDEZ

Texto: Lucía Fernández Rodríguez / Fotografía: Germán Llmeres

O VALADOURO

MULLERES DO CADRAMÓN

“Na memoria de todas as mulleres valentes, exemplo de superación, que souberon desafiar ao tempo e ás circunstancias que lles tocaron vivir”

Posguerra. O Cadramón, corazón da Serra do Xistral. Non son tempos fáciles.

A muller que tivo a sorte de ir á escola e aprendeu a ler e a escribir pode considerarse privilexiada. O habitual é que a muller sexa educada para quedar na casa e facer as tarefas domésticas, do campo e atender do home e dos fillos.

Algunhas van aprender costura, outras van traballar de criadas , onde tamén ven novas modas e costumes. Mentres tanto, moitas teñen que quedar na casa facendo os labores domésticos e axudando no campo, sen estudar, soamente pensando en traballar para sobrevivir.

Cargan feixes de leña e de herba, segan na roza e no trigo, van ao toxo para as bestas, atenden vacas e ovellas, aran as terras, cavan os montes, pican na pedra para facer estradas, esfollan no millo...

A maioría son traballos pesados, onde a forma física e a fortaleza mental son imprescindibles. Pero elas poden. Rematan o día e aínda lles quedan folgos para ter un sorriso para a familia ao chegar á casa e, tamén, para facer a comida.

Os invernos son duros e fríos, a única calor é a do fogar. Non teñen demasiados privilexios, pero teñen valores e agarimo. Ás veces menos é máis, e elas sábeno. Son fortes e seguen loitando contra os contratemplos que lles depara o día a día con cara de alegría.

Nos días de feira, baixan ao pobo andando, en zocas e falando galego. Rinse delas. Seica o galego non se leva, “é o que falan as de aldea”. Porén, non se amedrentan.

Elas móstranse orgullosas de seren de aldea. Amais, cargan cos queixos que, entre todos os quefaceres, lles dá tempo a facer para sacar uns cartiños. Aínda que o traxecto é longo, volven contentas: traen diñeiro para poder darlles un capricho aos seus fillos.

A infancia e a xuventude que elas tiveron non foi a máis feliz, pero compensárona co paso do tempo, cos fillos, cos netos e bisnetos, xogando con eles, aprendendo cousas novas... En definitiva, volvendo a vivir!

Elas fóronse deixándonos unha prezada lección de vida. Cómpre tela en conta para seguir loitando como nos ensinaron a facer! Eu tiven un bo exemplo nas miñas avoas, Carmen e Xusta, dúas mulleres fortes e valentes! Non deixemos que o medo e a inseguridade se interpoñan no noso camiño e nos impidan cumprir os nosos soños nin chegar ás nosas metas.



A Mariña
Lucense



Comunidade
RMPL



Concello do
Valadouro



PIEDAD SEIJAS CAO

Texto: Cristina Fernández Rey / Fotografía: Germán Llmeres

O VICEDO

Yéssica é umha moça qualquer, dum município qualquer, da costa da Marinha. Aos seus 28 anos tem mui claro o feliz e afortunada que se tem que sentir por viver e desfrutar do rural, da natureza e das vistas, do ar marítimo e as praias paradisíacas.

Sabe que antes nom era assim, que se passavam muitas penúrias, por isso agora tem que agradecer o que tem.

Nos tempos de antes, as mulheres tinham que ir à fábrica, onde o patrom era mesquinho e se enfrentava todos os dias com o comité de empresa. Agora já nom, porque nom existe a fábrica, nem o patrom, nem o comité.

Nos tempos de antes, as mulheres tinham que mariscar muito para chegar a ganhar algo de dinheiro, ou coser redes no porto até estragar as maos. Agora já nom, porque nom há marisco, nem redes, nem quotas.

Nos tempos de antes, as mulheres tinham que cuidar da casa e dos filhos. Agora já nom, por isso vários matrimónios pagam a Yéssica para que limpe um par de horas à semana.

Nos tempos de antes, as mulheres tinham que se ocupar do terreno, para complementar a alimentaçom. Agora já nom, porque Yéssica mora num apartamento, porque as casas som mui caras e só as podem comprar os turistas, e os terrenos passam a ser jardins.

Yéssica quer melhorar, quer ter um emprego. Está cansa de trabalhar nos bares durante o verao, quer algo estável. Algumhas das suas amigas fôrom à universidade e agora trabalham, ainda que bastante longe de Yéssica, nas cidades. Por isso decide anotar-se num curso que a habilita para cuidar pessoas maiores em residências.

Já lho dixo todo o mundo, é o futuro! O único setor onde contratam só mulheres! Hai muitos velhinhos e velhinhas que ficam sós nas aldeias, porque os filhos marchárom. Ou porque já nom som os tempos de antes, em que as mulheres tinham que assumir o cuidado das pessoas maiores. Agora assume-o Yéssica.

Na residência as cousas som difíceis. Tem muitas companheiras, ainda que nom as suficientes, que às vezes rim, e também choram.

Todo tem que ser mui rápido, quase nom enhem tempo de escuitar aos velhinhos, que também choram.

Yéssica nom sai muito, porque o seu salário é pequeninho e, ainda que nom o fosse, nom tem livres os fins de semana. Ademais, sabe que as noites e a juventude som um perigo e um descontrolo. Ainda que Yéssica tem mais medo de contagiar-se trabalhando.

Ela desfruta passando o tempo com Alejandro, a sua parelha. Ele nunca tivo problemas para atopar emprego, tampouco os seus amigos, nas fábricas, no mar, nos montes, ou em ofícios como a carpintaria, a eletricidade ou a mecânica. Porém, nom se encontram muito no apartamento, porque Alejandro descansa os fins de semana, e as noites, e cobra mais dinheiro, e tem mais dias livres.

Mas tem sorte, porque vive no rural, num paraíso ao lado do mar. E porque há igualdade, já nom som os tempos de antes.



A Mariña
Lucense



Comunidade
RMPL



Concello do
Vicedo



LEONOR CASAS LAMELA

Texto: Antia Balseiro / Fotografía: Germán Llmeres

VIVEIRO

Case cun pé na auga espertou Balbina un día de inverno. Saltou da cama e abriu a contra. Rascando os ollos coa man, quixo aclarar a vista parándose uns segundos a mirar as ondas do mar que rompían contra as pedras dos Castelos. Era outro día máis de frío e na praia de Covas apreciábase o temporal que estaba a piques de caer na vila de Viveiro. Ás presas, Balbina correu escaleiras abaixo para preparar o almorzo dos seus sete irmáns. Seus pais saíran ben cedo. Colleran a barca e botáranse mar a dentro en busca do sustento da familia. Así que a Balbina non lle quedaba outra que facerse maior antes de tempo e mirar dos pícaros que corrían polos camiños ao pé do muro de pedra que separaba a area do asfalto. Naquela casa respirábase mar. Escoitábanse as ondas correndo a calquera hora do día. E ata case parecía que se cravara no corpo. O mar metéraselles nas veas e acabara por marcarlles o pulso. E é que dalgunha forma, o mar é o que daba vida á Banda de Balbina.

Cos anos, “A Raia”, que así lle puxera o seu tío, seguiu co oficio da familia e pasou a ser ela a que cada mañá, moi cedo, subía na barca para meterse nas profundidades do mar. Como pioneira entre as mulleres da Mariña, saía a faenar á par do home. Tal era a rareza de atoparse a unha muller ao mando, que o compañeiro de Balbina escapaba a navegar nas noites para non ser visto. Pero cando non o conseguía, un en cada remo, sen motor que

axudara a tirar da lancha, apuxaban en contra da corrente ata chegaren a Burela. Á volta, metía a faena do día na bacía, poñíaa na cabeza e botábase a andar cara a vila. Sen horas de descanso, e como levaba facendo toda a vida, chegaba ata Riobarba onde trucaba a mercancía por patacas ou pan. No camiño de volta, a fame podía co corpo da Raia, que botaba a man ao saco, collía un codelo, aproximábao ao padal, ata que, repentinamente, a conciencia chamaba por ela: “Se o como eu, non comen os demais”. Cas tripas encollidas, volvía o pan ao seu sitio e reunía as forzas para chegar á casa.

A fame apoderárase dos corpos ambulantes que andaban paseniño á busca dalgo para levar á boca. Amparados polos froitos dos océanos, as mariñas pasaban as horas tirando as redes e recolléndoas coas mans cheas. Anasábanse nas praias para recoller os manxares dos máis ricos. E no medio dos botes, o traballo acabou por absorber o ser ata converterse na súa paixón. Ata amar a mar.

Balbina deu luz a oito pícaros. Oito fillos que creceron entre os vaivéns dos azuis de Viveiro. Oito meniños que, envoltos entre plásticos, navegaban nos brazos de Balbina. Coa chegada da xuventude, os areais enchéronse das criaturas correndo á par da brisa, convertendo o ocio en traballo. Entre navallas e carneros creceron os oito.

Entre mulleres que comezaban a debuxar engurras na pel de lavar as roupas no río, de cultivar a terra, de apañar a leña no monte ou de levantar cabeza aos oito da casa.

Caía a noite pecha cando Balbina buscou o reposo do corpo na cama. Apenas podía sentir os pés. As carnes pesábanlle e case parecía que tocaba coas clavículas no chan. As saias tapábanlle os ósos que asexaban entre os furados das roupas e os zapatos desgastados quedaron a carón do colchón. A Raia vestiu o seu pixama de cadros, asomou a cabeza á venta e quedou engaiolada mirando a paisaxe. Que ben lle sentaba escoitar a tranquilidade do mar.

Perdíase imaxinándose libre no medio das cunchas. Invadíaa a sensación de navegar sen rumbo, sen preocupacións. Soamente voando no medio da nada, tocando o ceo coas xemas e mollando a cara coas gotas que se levantaban coa presión da barca contra as ondas do mar. Balbina pechou a contra. Quedou coa inmensidade do mar no corpo e meteuse entre as sabas. Co peso das mantas e o corpo anestesiado, pechou os ollos e quedou durmida pensando en todas aquelas mulleres coas que compartía vida. De seguro que elas remataran o día igual de cansas. “Polo menos quedarían como memorias vivas” agardando que alguén as recordara. Polo menos alguén as lembraría amando a mar.



A Mariña
Lucense



Comunidade
RMPL



Concello de
Viveiro



ANA LÓPEZ GALDO

Texto: María Carballal Febreiro / Fotografía: Germán Llmeres

XOVE

Ela non emigrou, pero a viaxe a Bos Aires das irmás Estrella, María e Benigna marcaría a súa vida para sempre.

Naceu no 1908 na Penacurva-A Rigueira e foi o piar dunha gran familia que se asentou no Lugar de Veiga, na que todos coñecían como a casa de Presenta. Pariu dúas fillas e cinco fillos; dos dous máis novos presenciou a morte e do maior a emigración á Arxentina. Viviu case un século de historias, alegrías e moita tristura que tinguiría, desde a viuvez, o seu roupeiro de negro para sempre.

Na casa da avoa Presenta non acordo lavadora mais si a riqueza do millo pendurado en ristras no corredor; as botellas de leite da vaca aínda morno que deixaba Josefa, a veciña, ao carón da porta; as fabas debulladas nun carabelo de vimbio e medidas en tazóns do almorzo; as patacas da chousa; os ovos das pitas e as sopas de cocido dos días de festa.

Aínda que labrega, o mar tivo moito peso na vida da avoa Presenta. O tío Xuxo fora o primeiro da Rigueira en acadar o título de patrón de altura e el e o tío Raúl iniciáronse na pesca co Solabarrieta, ao que seguirían o Mariñela ou o San Prudencio. Ela sabía cando marchaban pero o corazón íaselle encollendo ata que regresaban a porto. O tío Raúl fora cociñeiro en varios barcos e a avoa sempre dicía que a tía Lola tivera moita sorte de casar con el xa que, unha vez retirado do mar, era el quen dispoñía os xantares na casa.

Ao morrer o tío Xuxo, a tía Iberia pasou a ser armadora en activo. Recordo que ao tempo que criaba flla e fllor, tiña que viaxar aos portos de Vigo ou A Coruña, participar nas descargas e negociar con compradores. Non lle foi un papel doado sobrevivir nun mundo de homes.

Durante varias décadas houbo taberna na casa. Un lugar de encontro entre veciñanza e visitantes do que aínda conservamos os cubertos que regalaban coas pastas Gallo e onde se podía tomar un chanqueiro de viño, comer tapa de lingua que preparaba a tía Dina ou mercar un cuartillo de aceite. Victorina, miña nai e flla máis nova de Presenta, axudaba no despacho e nas contas da taberna e dicía que “apenas había froita, e as poucas laranxas que viñan eran para as persoas enfermas”.

Nos anexos da casa viviron tamén o tío Raúl e familia, antes de construír a súa propia grazas ao gañado no mar, e a tía Florinda, que aprendeu o oficio de modista para ir coser polas aldeas. Florinda cosía por un pequeno xornal e un prato de comida nas casas veciñas, cando podía levaba con ela á irmá pequena, quen ás veces apañaba unha peseta de propina.



A Mariña
Lucense



Comunidade
RMPL



Concello
de Xove



JOSEFA MEIZÍN MÍGUEZ

Texto: Lucía Canoura / Fotografía: Lucía Sánchez Meitín